



RESOLUCION DA ALCALDIA

Visto que en maio de 2021 foron aprobados os Orzamentos municipais nos que se consignaba a cantidade de 1.500 euros para o outorgamento da concesión de subvencións de maneira directa figurando expresamente na Base 33 das de execución do orzamento a prevista para a Asociación Xuvenil e Cultural O Castelo para realización de ACTIVIDADES CULTURAIS EN VERÁN , cunha consignación inicial de 1.500,00 euros.

En data 27 de decembro de 2021 n.º RE 642 , se presenta por Daniel Cao Vieito , en representación da Asociación Cultural Xuvenil O Castelo , solicitude de subvención nominativa por ter levar a cabo o proxecto referido por importe de 1.500 euros, pola actividade cultural de promoción da música galega o día 19 de setembro de 2021 , actuación do Grupo The Rapants.

Emitiuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións.

Coa data de hoxe realizouse a retención de crédito oportuna, figurando informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos , así como informe de fiscalización favorable.

Considérase que o expediente 458/2021 seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do réxime local e artigo 62 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, RESOLVIN:

PRIMEIRO. Conceder a Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo , provisto de CIF G- 27105816 subvención nominativa por importe de 1.500,00 euros polo proxecto: ACTIVIDADE CULTURAL DE VERÁN (Actuación de promoción da música galega The Rapants).

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 1.500,00 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos da Corporación , da que existe documento de Retención de Crédito RC 3407 expedido por Intervención.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

CUARTO.- Dése conta da presente á Base Nacional de Datos de Subvencions.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

Asdo. Jorge Val Diaz.



Cod. Validación: EDMFFANK5F2332N9K34GNLPLT | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2